



La Fageda confía en GEA

A granxa de La Fageda, en Santa Pau (Xirona), acaba de estrear un novo establo para as súas vacas en produción, un proxecto que foi desenvolvido na súa totalidade por GEA e que consistiu na remodelación completa das instalacións.

A zona de descanso e alimentación conta con novos cubículos, cornadizas e rascadores e o sistema de limpeza mediante arrobadeiras dirixe o xurro a unha canle transversal comunicada coa fosa.

Con todo, a estrela do proxecto foi a posta en marcha de dous robots Monobox cos que robotizaron o muxido das súas 125 vacas.

Coñecemos como foi todo o proceso de cambio con Albert Curós, responsable de granxa en La Fageda, e Héctor Salas, delegado comercial de GEA na zona. ►



Nome da explotación: La Fageda Fundació
Localización: Santa Pau (Xirona)
Traballadores: 8
Sistema de muxido: dous robots Monobox
Animais en total: 250
Vacas en produción: 125
Media de produción: 36 litros/vaca/día
Graxa: 3,50 %
Proteína: 3,30 %
RCS: 120.000 cél./ml

EN VÍDEO



ALBERT CURÓS

Responsable de granxa en La Fageda

Que sistema de muxido tiñan antes de instalar os robots?

Muxíamos nunha sala 2x10 con revoltable dúas veces ao día e tardabamos un total de catro horas, incluíndo a limpeza da sala.

Por que se decidiron a cambiar de sistema?

Hai dous anos o propietario e fundador de La Fageda, Cristóbal Colón, díxonos que quería cambiar a sala de muxido, por algo novo e que quería robots, que empezásemos a estudalo. A partir daquel momento, o director, Enrique Núñez, e eu puxemos o punto de mira nos robots de muxido e coñecemos as tres principais marcas do mercado.

Por que elixiron GEA?

Gustounos moito desde o primeiro momento que o vimos. Primeiro coñecémolo en vídeo e logo, en directo, pois comezamos a visitar diferentes granxas. Viaxamos a Holanda, a diferentes partes do territorio nacional e, despois de estar en varios sitios, vimos que o que máis nos gustaba era o de GEA. Adaptábasenos moi ben ás nosas necesidades polo simple, polos movementos que tiña e o moderno que era.

Trasladamos a idea á empresa e en novembro de 2017 decidimos que se porían dous Monobox.

Ademais, na fábrica de iogures estabamos a traballar con GEA e Cristóbal Colón díxonos que lle gustaría seguir con eles. Puxemos o obxectivo en GEA, volvíñ a Córdoba para ver durante unha semana a evolución das granxas, como funcionaban... e desde aquel momento focalizamos os nosos esforzos en como sería todo o proceso de instalación e cambio.

Cando os instalaron?

O 12 de marzo decidimos trasladar as vacas á nave nova, xa perfectamente acondicionada, e o robot comezou a traballar o 8 de abril.

Como planificaron o proceso de cambio?

Desde o momento en que decidimos que íamos traballar con robots comezamos o proceso. A planificación de como sería a nova granxa e de como teríamos as vacas trasladadas durante todo ese tempo comezou en setembro de 2017.

Era un cambio moi grande e queríamolo levar a cabo sen mover as vacas nin as xatas da granxa. Recolocamos os animais nas naves que dispoñíamos e comezamos a reducir o número de cabezas para conseguir a cifra perfecta para os robots, unhas 60 ou 65 vacas para cada un. Hai cinco

anos muxíamos unhas 240 vacas ao día e tiñamos a recría externalizada. O benestar dos animais é moi importante e queríamos ter a recría toda aquí porque se controla moito mellor. Esta idea e a decisión de pasar ao robot foron os dous motivos polos que reducir en número de animais.

¿Que protocolo seguiron para a adaptación dos animais e dos traballadores dedicados ao muxido?

Preparámonos moi ben para o cambio e todos os traballadores implicáronse moitísimo neste proxecto.

As vacas entraron nesta nave nova o 12 de marzo e, ao principio, seguimos muxindo na sala antiga. Deixámoslles no traxecto que fosen coñecendo as instalacións do robot, que as cheirasen.

Tres semanas antes de entrar ao robot comezamos a poñerlles encima da comida o penso que lles proporcionaría a máquina, pois nunca comeran penso granulado. Comezaron a entrar ao robot só para comer penso. Durante o día, acompañabámoslas á entrada do robot para que fosen

O PROXECTO LA FAGEDA

Mellorar a calidade de vida e promover a integración social de persoas con discapacidade intelectual da comarca catalá de La Garrotxa foi a misión do proxecto La Fageda desde os seus inicios no ano 1982.

Cristóbal Colón, o seu presidente e fundador, creu no traballo como a mellor terapia para que estas persoas recobrasen a súa autoestima e o seu equilibrio e pensou na natureza como aliada.

Todo comezou cun viveiro forestal a mediados dos 80, continuou coa produción de leite con base na granxa de vacas frisonas e en 1993 iniciouse a fabricación de iogures.

Hoxe en día conta cunha sección de xardinería, dous fogares-residencia, servizos asistenciais de terapia ocupacional, obradoiro de marmeladas, a granxa de leite recentemente remodelada e a fábrica de iogures, xeados e sobremesas lácteas.

O 100 % do leite das vacas de La Fageda destínase á transformación, pero como non é suficiente para cubrir a demanda, compran a produción doutras granxas da zona.

Na actualidade, son líderes no mercado catalán e venden ao ano máis de 80 millóns de iogures e sobremesas, 80.000 kg de xeados e 30.000 kg de marmeladas.



CRISTÓBAL COLÓN
Fundador de La Fageda

aprendendo elas e nós, pois necesitabamos adaptarnos as dúas partes. Estivemos así 3 ou 4 semanas.

Ao principio contaban con 1 kg por vaca e día e, tras pasar unha semana, tiñan 2 kg, cantidade que fixamos ata o día que empezamos a muxir: o 8 de abril.

O primeiro día entraron unhas 86 vacas, unhas 43 por robot, dúas veces ao día. Ao día seguinte xa metemos 12 vacas máis, conseguimos chegar ás 98, e cada día foron entrando máis.

Que diferenzas notaron co cambio?

Cambiamos os nosos horarios de traballo, pois estamos unhas 22 horas ao día cubrindo o establo para acercar vacas, pero contamos con estabilizarnos aos poucos porque logo bastará cunha persoa que vixíe todo o proceso.

En canto a produción, unhas 30 ou 40 están a facer moito leite, entre 60 e 70 litros por día, e decidimos que se poidan muxir ata catro veces ao día. Outras están a producir entre

40 ou 45 litros e poden vir ata 3 veces ao día. Finalmente, as vacas que están a piques de secarse están producindo entre 20 e 22 litros. Temos que ir pouco a pouco afacéndoas aos 4 muxidos, que repousen e que o ubre lles descanse. A aprendizaxe é lenta, pero véselles cada día un pouco de mellora, van vindo e aprendendo máis.

Iso si, non tiveron ningún problema grave, non empeoramos, nin tivemos enfermidades.

Que valoración fan do proceso?

Estivemos apoiados polos veterinarios e técnicos de GEA e polo seu distribuidor, Joan Viñas, de Agroservei Viñas. El díxonos como tiñamos que facelo e, en conxunto cos nosos veterinarios, fímonos coordinando.

O proceso é lento, pero moi tranquilo. Estamos moi contentos de ternos decantado por este sistema e de coñecelo a través das opinións de diferentes gandeiros.



HÉCTOR SALAS

Delegado comercial de GEA para Cataluña, Navarra, Aragón, Baleares e Canarias

Que características diferencian este proxecto?

É un proxecto que inclúe todo o deseño da granxa: a instalación dos cubículos, as cornadizas, as arrobadeiras, unha canle transversal para levar á fosa todo o xurro, a instalación dos robots e a nave. A principal característica destes dous robots Monobox é que comparten unha saída guiada, o que permite que os robots teñan entrada e saída polo mesmo lado.

Como é o funcionamento da saída guiada?


Cando os dous animais saen do robot, xa sexa nunha orde ou noutra, son dirixidos por unha manga de manexo conxunta cunha soa porta de postselección. Cando o primeiro robot está ocupado, queda pechada a porta para entrar ao primeiro robot e o acceso ao segundo robot sempre queda aberto, ou ao revés. Así, cando están en uso, nunca queda ningún animal no medio.

Como está deseñada a sala de espera?

Nesta zona colocouse unha porta de preselección de dúas vías para dirixir os animais segundo teñan permiso de muxido ou non. Se a vaca ten permiso de muxido, entrará na sala de espera e, no caso de que non o teña, irá co resto do rabaño.

Se pasa ao robot, sairá pola manga de manexo e por unha porta de postselección que a separará en tres vías diferentes: á zona de enfermería, no caso de que ese animal se teña que inseminar ou cumpra con algún parámetro que nós teñamos seleccionado, como condutividade ou temperatura; á sala de espera de novo, se o animal non conseguiu un muxido completo, máis do 80 % realizado; e por último, ao establo, se o animal non ten ningún tipo de problema e se muxiu correctamente.

Circulación na zona de muxido



Fases do muxido nunha soa colocación

